

### Que e DLT4All?

Un proxecto Erasmus+ dirixido a fomentar o coñecemento sobre as tecnoloxías *blockchain* e DLT (*Distributed Ledger Technologies*) e as súas aplicacións.

### Que fará DLT4All?

Deseñar, coa axuda dos interesados, un programa completo sobre *blockchain* que as universidades europeas poidan utilizar.

### Quen pode estar interesado?

Estudantes, investigadores, emprendedores, investidores, xestores de viveiros de empresas,...

### Que tipo de programa se vai deseñar?

Un programa de acceso aberto que inclúa formación personalizada tanto offline como online e adaptado a todas as audiencias relevantes.

### Que ofrece DLT4All?

A posibilidade de participar na creación dun novo produto educativo axustado as necesidades das empresas e formar parte dunha rede europea de estudantes, investigadores, empresarios e investidores interesados nestas novas tecnoloxías.

## LUGAR



EDIFICIO EMPRENDIA – CAMPUS VIDA  
Aula de Formación no 1º Andar



A información e opinión incluídas nesta publicación corresponden aos autores e non reflicten necesariamente a opinión oficial da Unión Europea. Nin as institucións nin os organismos da Unión Europea, nin ningunha persoa que actúe na súa representación, poden considerarse responsables do uso que poida facerse da información aquí contida.



*Blockchain Lab:*  
Mecanismos de consenso  
**03 xuño - Santiago de Compostela**  
**11:00 – 15:30**

Presentación do proxecto DLT4All:  
Formación universitaria en *blockchain*

Co-funded by the  
Erasmus+ Programme  
of the European Union



## POR QUE BLOCKCHAIN?

Moitos emprendedores, investidores e xestores de viveiros de empresas en Europa aínda non son conscientes dos beneficios potenciais que pode ofrecer a adopción de tecnoloxías *blockchain* e DLT.

Moitas universidades europeas están interesadas na *blockchain*, pero os seus programas carecen de casos de estudio reais.

É necesario atopar novos xeitos de ofrecer formación de alta calidade no campo das tecnoloxías *blockchain* e DLT.

## CAL É A NOSA VISIÓN?

### 8 prioridades temáticas:

Deseño de bases de datos P2P.

Técnicas de encriptado.

Mecanismos de consenso.

Sinaturas dixitais.

Dereitos de propiedade.

*Smart contracts*.

Organizacións autónomas distribuídas.

Aplicacións descentralizadas basadas na *blockchain*.

## MECANISMOS DE CONSENSO

A maioría dos mecanismos de consenso postos en práctica ou propostos na teoría pertencen a unha das dúas grandes categorías denominadas mecanismos PoW (*Proof of Work*) e PoS (*Proof of Stake*).

O deseño destes mecanismos afecta ao equilibrio entre os incentivos precisos para manter unha *blockchain* descentralizada e a seguridade fronte a ataques maliciosos que poidan comprometer a integridade da *blockchain*.

O noso obxectivo é construír un conxunto de casos de estudio que permitan transmitir estes conceptos dun xeito efectivo no contexto dun módulo de aprendizaxe

## PROGRAMA

---

11:00 Presentación

11:30 A visión do proxecto DLT4All

12:15 Café interactivo

13:15 Mecanismos de consenso: que deberíamos aprender?

14:00 Xantar de traballo